

Este trámite dá inicio ao proceso electoral

A Cámara expón o censo para as eleccións de 2010

Ferrol. 13/10/2009. A Cámara de Comercio de Ferrol inicia mañá, 14 de outubro, coa exposición do censo, o proceso electoral para a renovación dos seus órganos de goberno.

Desde esta data e ata o 12 de novembro, os 15.880 electores dos 22 municipios da circunscrición da Cámara, distribuídos en 14 grupos en función da actividade das súas empresas, poderán consultar os seus datos censales nas oficinas da entidade.

Tamén teñen a posibilidade de facelo de forma telemática, entrando na súa páxina web (www.camaraferrol.org) e introducindo o seu número ou código de identificación fiscal.

Ao mesmo tempo, ábrese, ata o 24 de novembro, o prazo para que os devanditos electores poidan formular por escrito as súas reclamacións se detectan algún erro que se deba emendar, ou se foron incluídos ou excluídos indebidamente do censo.

O pleno da Cámara está integrado por 29 membros, dos cales 25 son elixidos directamente por sufraxio directo, mediante este proceso que agora se inicia, entre as empresas da súa demarcación. Os outros catro membros son elixidos a proposta da Confederación de Empresarios de Galicia.

O proceso electoral está aberto desde o 1 de outubro, en virtude da orde ITC 2019/2009, de 22 de xullo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. A convocatoria das eleccións para as cámaras galegas correspóndelle realizala á Consellería de Economía e Comercio.

